



Guion técnico exemplo

FICHA TÉCNICA		
Emisora ou grupo responsable: alumnado de 1º ESO		
Informativo matinal: "Bo día, Marín"		
Duración: 35 min.		
Secuencia de realización		
Control/ realización	Sintonía do informativo, pasa a segundo plano para os sinais horarios e a presentación, ata despois dos titulares.	1'
Locutora 1	Bo día a todos e a todas as nosas oíntes, hoxe é mércores, 5 de maio, eu son Yaiza Morente e estas son as noticias das 9.00. <ul style="list-style-type: none"> O destacado do día. A Xunta de Galicia da luz verde á implantación do sistema de envases retornables. En nacional, segue baixando a incidencia do coronavirus en España. En Galicia é xa inferior a 50 por cada 100.000 habitantes. Internacional. As vacunas non chegan por igual a todo o planeta. Un informe de Médicos en fronteiras advirte do risco de esquecer África e outras zonas menos desenvolvidas na estratexia de vacunación. Deportes. Rafa Nadalolveuno facer. Gañou a Roger Federer no final do USOpen. O tempo. Acalima afectará a Galicia nos próximos días. <p>Comezamos con todo nuns segundos!</p>	45"
Control/ realización	Cuña publicitaria	15"
Locutora 1	Xa estamos de volta. O bombazo do día é a aprobación da implantación do sistema de envases retornables en Galicia. Finalmente, o goberno autonómico pudo sacar adiante o seu proxecto co apoio de parte da oposición. De este xeito, a nosa comunidade convértese en pioneira na xestión de refugallos. escoitemos como o presidente Alfonso Rueda, ce lebrábo no hemiciclo:	20"
Control	Corte 1. Declaracións do presidente da Xunta	16"

Locutora 1	O coronavirus segue copando a actualidade informativa. Imos a reparar as últimas cifras co noso experto, Brais Lorenzo. Bo día, Brais, que novidades nos traes hoxe?	9"
Correspondente 1	Bo día, Yaiza. As cifras de incidencia continúan baixando na comunidade. Especialmente esta baixada nótase en Pontevedra, A Coruña e Lugo onde xa rozan os 30 casos por cada 100.000 habitantes. A media galega sitúase hoxe nos 48.	13"
...

ESTRUTURA

É difícil establecer unha estrutura debido ás diferencias entre os distintos formatos informativos radiofónicos. Partindo do servizo principal de noticias, o máis habitual no noso país, podemos falar de:

- **Rúbrica de presentación.** Trátase da entrada do informativo, coa súa careta e sintonía propias.
- **Portada ou resumo de titulares.** Ás veces destácase un "tema do día" sobre o abano de temas a tratar. O ritmo nesta parte é fundamental.
- **Corpo do informativo.** Preséntanse as noticias máis relevantes e aquelas que sen ser de máxima actualidade recibiron especial atención por parte do programa ou da cadea. Feitos locais de interese para os e as oíntes tamén teñen cabida.
- **Fecne.** É a rúbrica de saída. Pode contener pezas de opinión, comoo editorial, ou simplemente resumir os temas tratados e despedir o programa.



O informativo radiofónico



Que é?

O informativo radiofónico é un espazo dedicado ao desenvolvemento dos contidos informativos. Estes espazos compoñense de todos os xéneros radiofónicos que aportan información (noticias, *flash* informativo, editorial, crónica, reportaxe,...) e poden ter unha duración dende 2 ou 3 minutos (boletín horario) ata 2 ou 3 horas (Informativo matinal).

Cada informativo adoita ser presentado pola mesma persoa.

En España, os programas informativos máis estendidos son o boletín (tanto de resumo como boletín horario) e o servizo principal de noticias.



Obxectivo

O seu obxectivo fundamental é informar á audiencia, desenvolvendo noticias en distintos formatos de duración, en momentos do día variados e con diferentes niveles de profundidade.



Elementos chave

Cinco piares condicionan os programas informativos en radio:

- **O formato.** Inflúe na duración e a estrutura do espazo.
- **O contido.** Clasifica os informativos en xeralistas (temática variada) ou monográficos (especializados nun tema).
- **A hora de emisión.** Este factor condiciona por completo o informativo. Un matinal resume os acontecementos máis destacados do día anterior e avanza a axenda completa do día que comeza; presta especial atención ao tráfico e á información meteorolóxica. O informativo de mediodía trata en profundidade a información xerada durante a mañá. Pola súa parte, o informativo de noite resume as noticias máis importantes da xornada e avanza as do día seguinte.
- **A periodicidade.** Este elemento inflúe no proceso de produción do informativo e no seu planteamento: priorizárase a inmediatez ou a profundidade no tratamento dos feitos en función da frecuencia do informativo.
- **A audiencia.** Captar o interese combinando todos os xéneros radiofónicos e todos os recursos informativos de maneira áxil e atractiva.



TIPOLOXÍA DOS INFORMATIVOS

A noticia é o xénero por excelencia dos informativos. Cando falamos de informativos radiofónicos podemos distinguir entre fórmulas puras (únicamente utilizan xéneros informativos) e fórmulas mixtas (coma os servizos de noticias, que admiten practicamente todos os xéneros). Para seleccionar que feitos incluir no teu informativo debes ter claros os criterios de noticiabilidade: actualidade, rareza, magnitude, proximidade, relevancia da personaxe, conflito, negatividade, suspense, consecuencias, emoción ou progreso. Ademais, en función do formato e xénero elixido, deberás prestar atención a diferentes pautas:

- O **flash informativo ou noticia de última hora** non ten periodicidade fixa pero si moita relevancia, xa que interrompe a programación habitual. Danse a coñecer os primeiros datos dun feito que logo se completarán no servizo principal de noticias.
- O **avance o boletín resumen** lembra noticias do día anterior e avanza as do propio día. Dura entre 5 e 7 minutos. O seu estilo é máis desenfadado e habitualmente emítese pola mañá e pola noite.
- O **boletín horario** narra as noticias máis importantes e recentes da actualidade informativa de forma periódica ao longo do día. Permite ao oínte seguir a evolución da actualidade. É considerado o programa informativo máis elemental e o formato idóneo para o medio radiofónico, coa súa característica inmediatez.
- O **servicio principal de noticias** prográmase en horario de máxima audiencia e conta a actualidade con máis profundidade. Este formato asóciase á persona que o presenta, quen habitualmente tamén o dirixe: coordina as conexións, entrevistas, reportaxes, publicidade... Nel teñen cabida xéneros máis interpretativos e incluso opinativos (editorial, tertulia, comentario...).
- O **informativo especializado** e o **especial ou monográfico** son moito menos habituais. O primeiro trata información específica sobre un tema en profundidade e para unha audiencia concreta. Usa linguaxe específica. O segundo non ten periodicidade, xa que responde a un suceso imprevisto ou de gran importancia.



Como?

Sie algo caracteriza aos informativos é a importancia do traballo en equipo. No seu proceso de elaboración participa un grupo amplo de persoas que debe actuar en perfecta coordinación.

1

Reunión da redación. Dirección, realización e redación deciden que noticias se van incluir, que enfoque se lles dará, a duración de cada peza e a orde. O realizador ou a realizadora elabora a escaleta, que pode sufrir cambios incluso unha vez comezado o informativo. Habitualmente, os contidos organízanse en bloques temáticos.

2

Preproducción. Búsqueda de datos e informacións, contraste e verificación, recursos necesarios (música, recursos sonoros...). Fíxase a duración exacta da peza.

3

Produción. Prepáranse e/ou graban as entrevistas, reportaxes, crónicas, encostas... que se van utilizar durante o programa.

4

Postproducción. Revísase o material grabado e preparado. Comeza a edición.

5

Preparación para a realización. É fundamental nos informativos. O ou a axudante de realización recibe o guion con todas as pezas que se van emitir. Usará anotacións coa duración, as palabras de inicio e final de cada peza, etc. quea axudarán co seu traballo.

6

Realización. Trátase de levar a cabo o planificado. Recorda que a radio é inmediatez e que poden xurdir noticias ás que hai que dar paso de forma imprevista.

Servizo principal de noticias Hora
14, Cadena Ser

Boletín horario, Onda Cero



EXEMPLOS